

## **CONSULTA PÚBLICA PREVIA**

### **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN – ARMONIZACIÓN - REFUNDICIÓN DAS ORDENANZAS DENOMINADAS:**

- Ordenanza Fiscal nº8 – Reguladora da taxa da rede de alcantarillado.
- Ordenanza Fiscal nº9 – Reguladora da taxa por subministración de auga potable.

#### OBXECTO:

A efectos de alcanzar a máxima transparencia e coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á redacción do proxecto desta norma regulamentaria (non incluída no plan normativo de 2020), sustánciase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

#### NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa dunha disposición normativa.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

#### DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

**ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DAS TARIFAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE ALCANTARILLADO E DEPURACIÓN**

En atención ao disposto na Disposición Final Duodécima da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, con entrada en vigor do 9 de abril de 2018, que modifica o artigo 20 da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise necesaria a adaptación, modificación e harmonización das ordenanzas fiscais número 8 e 9, a fin de establecer as correspondentes prestacións patrimoniais públicas non tributarias, nun único texto normativo.

Ao mesmo tempo procederase á modificación dos importes correspondentes ao saneamento en alta e establecer uns novos importes de depuración en alta, co fin de cubrir os custes xerados na explotación das instalacións que conforman o saneamento e a depuración para as zonas onde non estea establecida depuración xestionada directamente polo Concello de Narón ou a empresa xestora.